REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 29/05/2019 18:52:34
Nº Rexistro: 15546
Data envio: 29/05/2019 18:52:34.351

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencias

1.1 49025 (10/CPC-000104)
Do Sr. presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), por petición propia, para informar en relación co transporte de resíduos do complexo medioambiental de Cerceda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 50045 (10/CPC-000108)
Do Sr. presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), por petición dos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da situación relativa á folga dos traballadores por estrada da empresa Transportes Pacholo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 481, do 29.05.2019

Punto 2. Preguntas

2.1 42986 (10/POC-006764)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis
Sobre as previsións e as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia cara ao incremento da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables nas estradas de titularidade autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

2.2 43943 (10/POC-007044)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa elaboración dun plan de rexeneración do litoral afectado polas obras do porto de Sanxenxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019

2.3 44456 (10/POC-007116)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas e o prazo previsto polo Goberno galego para a mellora da seguridade viaria da estrada AC-543 na zona da Barcia, no concello de

CSV: REXISTRO0qhAQE3qA3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 29/05/2019 18:52:34
Nº Rexistro: 15546
Data envio: 29/05/2019 18:52:34.351

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

2.4 48171 (10/POC-007653)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as razóns da demora na aprobación dos plans pendentes de recuperación e conservación das aves vulnerables ou en perigo de extinción, a situación na que se atopan as especies afectadas e a valoración do Goberno galego respecto dos resultados dos plans realizados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019

2.5 48587 (10/POC-007713)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa demanda de vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

2.6 49110 (10/POC-007774)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Jaime Castiñeira Broz

Firmado digitalmente por Jaime Castiñeira Broz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Jaime Castiñeira Broz, email=jaime.castineira.broz@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.05.29 18:29:31 +02'00'

CSV: REXISTRO0qhAQE3qA3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 29/05/2019 18:52:34
Nº Rexistro: 15546
Data envio: 29/05/2019 18:52:34.351

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 29/05/2019 18:29:31

CSV: REXISTRO0qhAQE3qA3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz	P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias	P

Secretario

Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencias

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 49025(10/CPC-000104)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), por petición propia, para informar en relación co transporte de resíduos do complexo medioambiental de Cerceda

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
11 ABR. 2019
Núm. 49025

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
11 ABR. 2019
SAÍDA
Num. 81

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- do presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) para informar en relación ao **"transporte de residuos do complexo medioambiental de Cerceda".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Director/a Xeral
Data e hora: 11/04/2019 09:46:01

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: GnzPq7Ib3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 50045(10/CPC-000108)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente de Sogama, por petición do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da situación relativa á folga dos traballadores por estrada da empresa Transportes Pacholo

Publicación da iniciativa, 481, 29.05.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2019 12:59:59
Nº Rexistro: 50045
Data envio: 21/05/2019 12:59:59.072

Á Mesa do Parlamento

Os **grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego,** ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación da **comparecencia urxente na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** do presidente de SOGAMA, para dar conta da situación relativa á folga dos traballadores por estrada da empresa Transportes Pacholo.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. de En Marea

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/05/2019 10:52:10

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/05/2019 10:56:58

Ana Pontón Mondelo na data 21/05/2019 12:59:27

CSV: REXISTROgBU2YTaTC6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 42986(10/POC-006764)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis

Sobre as previsións e as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia cara ao incremento da seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables nas estradas de titularidade autonómica

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:14:30
Nº Rexistro: 42986
Data envio: 10/01/2019 12:14:30.062

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Mª Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Unha das materias prioritarias na acción do Goberno galego é o reforzo da seguridade viaria nas estradas da súa competencia. Proba desta aposta da Xunta son as distintas actuacións, medidas e plans que ten posto en marcha nos últimos anos co obxectivo de reducir a sinistralidade nas estradas de titularidade autonómica.

Un conxunto de iniciativas que se atopan recollidas no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 que elaborou o Goberno galego seguindo as directrices do Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2020, de acordo, polo tanto, coas liñas de traballo marcadas pola Unión Europea e polas Nacións Unidas.

A este respecto tamén o Parlamento galego aprobou en decembro de 2017 unha iniciativa de impulso promovida polo Grupo Popular pola que se solicitaba do Goberno galego a implantación de medidas encamiñadas a mellorar a seguridade dos usuarios máis vulnerables das estradas.

Cumpriu así este Grupo o comprometido no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en 2016, no que se fixaban medidas concretas para a protección de usuarios vulnerables como peóns, ciclistas ou motoristas.

Por todo o exposto, e ao obxecto de coñecer as actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou previstas para dar cumprimento ao acordo parlamentario aprobado, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas en Comisión:

1.- Que medidas ten adoptado a Xunta para incrementar a seguridade viaria dos usuarios máis vulnerables nas estradas de titularidade autonómica?

2.- Que actuacións concretas se teñen levado a cabo para reforzar a seguridade de peóns? E do colectivo de ciclistas? E para os motoristas?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-b6GuISv4Z-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 12:14:30
Nº Rexistro: 42986
Data envio: 10/01/2019 12:14:30.062

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

3.- Vai o Goberno galego continuar con esta liña de traballo no futuro?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/01/2019 12:08:29

Martín Fernández Prado na data 10/01/2019 12:08:46

Jaime Castiñeira Broz na data 10/01/2019 12:09:00

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2019 12:09:07

Marta Novoa Iglesias na data 10/01/2019 12:09:18

Gonzalo Trenor López na data 10/01/2019 12:09:26

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/01/2019 12:09:34

CSV: REXISTRO-b6GuISv4Z-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 43943(10/POC-007044)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación coa elaboración dun plan de rexeneración do litoral afectado polas obras do porto de Sanxenxo

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:54:26
Nº Rexistro: 43943
Data envio: 17/01/2019 12:54:26.099

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

A veciñanza do entorno da praia de A Carabuxeira, no Concello de Sanxenxo, leva moito tempo denunciando a existencia de verquidos constantes neste areal: presenza de espuma, malos cheiros, algas e mesmo etiquetas coa palabra mexillón, polo que sospeitan que os verquidos poden proceder dalgunha depuradora.

A veciñanza ven alertando que esta agresión directa ao mar estase producindo moi a miúdo, que teñen feito diversas denuncias, peticións de investigación e busca de solución á problemática en distintas instancias sen resultado algún, poñendo o acento na deixadez das autoridades competentes.

Esta denuncia súmanse á que veñen realizando dende hai anos esta mesma veciñanza, afectada polo estado de deterioro da praia, que ten perdido gran parte da area e xa están as olas afectando aos inmobles máis próximos, debido ao cambio das correntes provocado pola construción ilegal do Porto deportivo de Sanxenxo.

Na construción do dique de abrigo do Porto de Sanxenxo, obra que se acomete nos anos 1997-98, concorren unha serie de irregularidades que causan un dano ata o de agora irreversible ao litoral deste coñecido enclave turístico galego.

CSV: REXISTRO-CqohFikt4-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:54:26
Nº Rexistro: 43943
Data envio: 17/01/2019 12:54:26.099

O proxecto plantexouse seguindo as dinámicas irracionais das institucións naqueles anos. É dicir, tratábase dunha obra de gran envergadura, elevado coste de amortización e pensada para as elites. Basta sinalar que o proxecto non contempla as necesidades da flota pesqueira. Prodúcese un desprazamento do uso tradicional do porto pesqueiro de Sanxenxo en favor do deportivo, tanto en servizos de terra como en zona de fondeo, atraque e resgardo das embarcacións.

A obra realizouse a pesar das moitas irregularidades nas que se concorreu ante a pasividade ou complicidade da Xunta de Galicia.
Iniciouse a obra sen presentar o estudo de efectos ambientais, non houbo informes arqueolóxicos nin sobre patrimonio cultural, autorizouse a ampliación triplicando o espazo da concesión sen dar conta de afectación de ningún tipo e demais cacicadas para sacar adiante este proxecto sen ningún tipo de control por parte da administración.

Inexplicablemente, estas ilegalidades non tiveron a repercusión lóxica que sería unha orde de demolición, reposición ou derribo do construído. Todo quedou resolto coa redacción dun plan de rexeneración e medidas compensatorias que aínda hoxe está sen executar. Constituíuse un aval bancario por unha cantidade, a día de hoxe, manifestamente insuficiente, a cargo da empresa concesionaria.

O cambio na dirección das correntes mariñas producidas polo novo dique, entre outras desfeitas ecolóxicas, transformou nun pedregal a praia da Carabuxeira, afectando non só ao desfrute dos areais se non tamén aos muros, cimentacións das vivendas, instalación e acceso á praia.

CSV: REXISTRO-CqohFikr4-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:54:26
Nº Rexistro: 43943
Data envio: 17/01/2019 12:54:26.099

A desfeita realizada no litoral Sanxenxino debería ser obxecto de estudo rigoroso e a rexeneración da praia da Carabuxeira tería que ser exemplar, para non afondar aínda máis nos xa graves problemas creados polas políticas baseadas na especulación.

En Marea xa defendeu unha iniciativa na que instamos ao Goberno da Xunta de Galicia a que iniciase os trámites para a recuperación da praia da Carabuxeira e o seu entorno, á reparación das vivendas afectadas e a devolución desa parte do litoral ao seu estado anterior á construción do Porto Deportivo que contou co voto negativo do PP, posición que mudou despois de que Telmo Martín accedese á alcaldía de Sanxenxo.

Tamén dende En Marea preguntamos ao Goberno galego sobre as actuacións que deberían levar a cabo para rexenerar esta parte do litoral, respondéndonos que a Xunta de Galicia propuxo a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas, mal formulado, xa que implicadas hai máis axentes, refírese a responsables (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.

Recentemente o Alcalde indicou ás veciñas do entorno da praia de Carabuxeira que o único que se intentara é un recheo de area, descoñecéndose a súa viabilidade ademais de facer un paseo de formigón e tamén cubrir de cemento o único parque natural que queda nese entorno, mostrando o seu nulo interese por afrontar a solución ao problema e a súa total falta de sensibilidade ambiental, máis non debería sorprender a ninguén tendo en conta que falamos dun alcalde do PP que ten feito manifestacións machistas e xenófobas e que está condenado por cobrar sobrecostes en vivenda protexida ou construír ilegalmente edificios en primeira liña de praia, un verdadeiro perigo público ao mando dunha administración local.

CSV: REXISTRO-CqohFikr4-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:54:26
Nº Rexistro: 43943
Data envio: 17/01/2019 12:54:26.099

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Esta situación é insostible e intolerable, polo que é preciso unha actuación urxente para acabar cos verquidos e comezar coa necesaria rexeneración desta parte do litoral sanxenxino.

Polo anterior, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Por que se ten chegado a esta situación sen que ninguén actúe?
2.ª) Cantas veces se reuniu a comisión a tres?
3.ª) Cales son as conclusións desas conversas?
4.ª) Xa conta a Xunta de Galicia con informes sobre o estado desta parte do litoral e as súas causas?
5.ª) Hai en marcha algún tipo de actuación de rexeneración?
6.ª) Está a Xunta de Galicia preocupada por esta situación?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 17/01/2019 12:12:49

CSV: REXISTRO-CqohFikr4-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 12:54:26
Nº Rexistro: 43943
Data envio: 17/01/2019 12:54:26.099

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Antón Sánchez García na data 17/01/2019 12:12:57

CSV: REXISTRO-CqohFikr4-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 44456(10/POC-007116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas e o prazo previsto polo Goberno galego para a mellora da seguridade viaria da estrada AC-543 na zona da Barcia, no concello de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44456
Data envio: 23/01/2019 19:10:29.456

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á demanda de mellorar a seguridade viaria na Barcia en Santiago de Compostela.

A estrada autonómica AC-543, Santiago-Noia, pola que circulan milleiros de vehículos a diario, ten un punto de falta de visibilidade ao saír dunha curva en baixada onde está un paso de peóns que nos horarios de entrada e saída á escola de hostalaría é moi usado tanto polas persoas empregadas como polo alumnado deste centro, ademais da veciñanza da zona que ten este punto como único lugar para cruzar a estrada.

Esta problemática foi denunciada a través dunha reclamación acompañada de máis de 80 sinaturas de persoas afectadas, que rexistraron un escrito no Concello de Santiago co obxecto de lle dar traslado á Xunta, no que reclaman medidas de seguridade viaria na zona como a instalación dun semáforo, lombos ou sinais luminosos de advertencia para reducir a velocidade antes do paso de peóns, así como outras medidas que a Xunta considere co fin de mellorar a seguridade e a mobilidade neste punto da AC-543.

CSV: REXISTRO-CWX6JavPk-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44456
Data envio: 23/01/2019 19:10:29.456

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta demanda veciñal formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Vai atender o Goberno galego as demandas de seguridade viaria na zona da Barcia en Santiago de Compostela?

-Se é así, que medidas ten previsto implementar e cales son os prazos que manexa?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2019 19:08:35

CSV: REXISTRO-CWX6JavPk-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 44456
Data envio: 23/01/2019 19:10:29.456

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2019 19:08:40

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2019 19:08:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2019 19:08:43

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2019 19:08:44

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2019 19:08:46

CSV: REXISTRO-CWX6JavPk-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 48171(10/POC-007653)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da demora na aprobación dos plans pendentes de recuperación e conservación das aves vulnerables ou en perigo de extinción, a situación na que se atopan as especies afectadas e a valoración do Goberno galego respecto dos resultados dos plans realizados

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2019 11:08:29
Nº Rexistro: 48171
Data envio: 27/03/2019 11:08:29.078

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

O 23 de febreiro do presente ano a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, acudiu á Feira Internacional de Ornitoloxía celebrada no Parque Nacional de Monfragüe, en Extremadura. Galicia estivo presente no evento cun stand que promocionaba 100 rutas de turismo ornitolóxico.

Segundo a nota de prensa da Xunta de Galicia, Nava Castro acudiu á feira porque "a Consellería de Cultura e Turismo impulsa dende fai varios anos experiencias como Galicia Birding, que achega as múltiples posibilidades que a nosa Comunidade ofrece para o turismo ornitolóxico e permite coñecer os espazos de alto interese ornitolóxico identificados en Galicia e distribuídos por toda a súa xeografía".

Este interese da Xunta de Galicia polo turismo ornitolóxico non vai acompañado das actuacións precisas para a conservación deste patrimonio natural xa que trinta especies de paxaros vulnerables ou en perigo de extinción carecen aínda dun plan de conservación ou recuperación, malia que, como o propio Goberno recoñece, terían que telo.

Isto pode comprobarse visitando a web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Nela, podemos atopar tres decretos de aprobación de plans de conservación ou recuperación de especies ameazadas en Galicia, e un

CSV: toY7vJx17
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2019 11:08:29
Nº Rexistro: 48171
Data envio: 27/03/2019 11:08:29.078

borrador. As especies ameazadas que son obxecto de protección por parte do Goberno galego son a píllara das dunas (charadrius alexandrinus; chortilejo patinegro, en castelán); o sapoconcho común (Emys orbicularis); a escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher); e o oso pardo (Ursus arcyps).

As aves en perigo de extinción ou vulnerables son:

En perigo de extinción:

61. Anas crecca L. (Poboación nidificante)
62. Aquila chrysaetos L.
63. Botaurus stellaris L.
64. Burhinus oedicnemus L.
65. Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher
66. Gallinago gallinago L. (Poboación nidificante)
67. Milvus milvus L.
68. Numenius arquata L. (Poboación nidificante)
69. Puffinus mauretanicus Lowe
70. Tetrao urogallus L. subsp. cantabricus Castroviejo
71. Tetrax tetrax L.
72. Uria aalge (Pontoppidan) (Poboación nidificante)
73. Vanellus vanellus L.(Poboación nidificante)

Vulnerables:

167. Bubo bubo L.
168. Charadrius alexandrinus L.
169. Circus cyaneus L.
170. Circus pygargus L.

CSV: tsYI7uJx17
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2019 11:08:29
Nº Rexistro: 48171
Data envio: 27/03/2019 11:08:29.078

171. Haematopus ostralegus L. (Poboación nidificante)
172. Hieraaetus fasciatus Vieillot
173. Himantopus himantopus L.
174. Hydrobates pelagicus L.
175. Ixobrychus minutus L.
176. Luscinia svecica L.
177. Neophron percnopterus L.
178. Perdix perdix L. subsp. hispaniensis Reichenow
179. Phalacrocorax aristotelis L.
180. Rissa tridactyla L.
181. Scolopax rusticola L. (Poboación nidificante)
197. Pandion haliaetus L.
198. Phoenicurus phoenicurus L.

Por todo o anteriormente exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Por que non se teñen realizado os plans de recuperación e conservación pendentes?

2.ª) En que situación se atopan as aves que non contan cos respectivos plans?

3.ª) Que valoración fan dos resultados dos poucos plans realizados?

4.ª) De que maneira repercuten os beneficios obtidos con este tipo de turismo na propia conservación e recuperación destas aves?

CSV: tsYf7uJx17
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2019 11:08:29
Nº Rexistro: 48171
Data envio: 27/03/2019 11:08:29.078

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 27/03/2019 11:06:55

Antón Sánchez García na data 27/03/2019 11:07:04

CSV: teYf7vJx17
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 48587(10/POC-007713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa demanda de vivenda

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 13:10:52
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 03/04/2019 13:10:52.546

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e **Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os datos recollidos polo Ministerio de Fomento respecto da construción de vivenda protexida entre os anos 2011 e 2018 constatan que a construción de vivenda pública practicamente iguala nos últimos oito anos á de todo o 2007.

E neste cómputo inclúense tanto as vivendas promovidas polo sector privado como polo sector público.

Nos últimos cinco anos só se teñen edificado ou rehabilitado 203 vivendas, é soamente 20 nos dous últimos, o que fala ben da tendencia ó nulo impulso de ámbolos dous sectores, público e privado.

A Xunta de Galicia, en declaracións da propia conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está neste momento executando a construción de 121 vivendas novas e asumindo a rehabilitación de 91 vivendas, isto é un total de 212 vivendas en toda Galicia, pero das que non se coñece nin a fase de execución, nin a data de finalización prevista, nin as condicións coas que serán postas a disposición da cidadanía.

Polo tanto, seguimos falando de vivendas en tramitación para este ano, pero coñecemos pouco dos resultados anuais reais comprometidos.

O Rexistro Único de Demandantes de vivenda a día de hoxe rexistra un total de 13.460. No mellor dos casos, no que os proxectos en marcha da consellería se rematasen neste ano, non se conseguiría cubrir máis que o 1,57 % da demanda.
Chama a atención tamén como a pesar da alta demanda de vivenda en concellos de toda Galicia, con 20 deles por riba dos 50 demandantes, se teñan elixido concellos de demanda case nula para a construción de novas vivendas. Algo que choca co fin último do Rexistro de Demandantes, é o de servir de guía para o deseño máis equilibrado das políticas de vivenda da nosa comunidade.

CSV: CIbu84GEz1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 13:10:52
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 03/04/2019 13:10:52.546

É máis, na posta en marcha das medidas, a provincia de Ourense, coa menor das demandas das catro provincias sae beneficiada proporcionalmente en detrimento da oferta no resto das tres provincias.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o valor que a consellería está a outorgar ó Rexistro Único de Demandantes de Vivenda?
2. Que ten provocado que nas políticas de vivenda dos últimos anos non se teña atendido nin unha soa das demandas de polo menos 16 concellos de toda Galicia con peticións por riba de máis de 50 demandantes?
3. Cal é a inversión media do custe total medio empregado para a construción de vivendas novas? Cal o custe total medio empregado para a rehabilitación de vivendas? E cal o custe total medio para a construción de vivendas modulares?
4. Cal é o tempo medio empregado para a tramitación e construción dunha vivenda nova de promoción pública?
5. Cal o tempo medio empregado para a tramitación e rehabilitación dunha vivenda de promoción pública?
6. Cal se espera sexa o tempo medio empregado para a tramitación e construción dunha vivenda modular de promoción pública?
7. Cal é a estimación de aumento do parque público de vivenda en Galicia para o ano 2022? Cantas vivendas se prevé contar nese ano?
8. Pensa a Xunta de Galicia acadar para o ano 2022 o obxectivo de duplicidade do parque público de vivenda mantendo o ritmo actual?

Pazo do Parlamento, 02 de abril de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 03/04/2019 13:08:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/04/2019 13:08:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: C3ju84GEz1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2019 13:10:52
Nº Rexistro: 48587
Data envio: 03/04/2019 13:10:52.546

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2019 13:08:41

CSV: C3ju84GEz1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 06.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 49110(10/POC-007774)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 11:39:20
Nº Rexistro: 49110
Data envio: 12/04/2019 11:39:20.132

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

Membros do comité de folga de Transportes Pacholo S.L., empresa que realiza o transporte de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) para SOGAMA como subcontrata da UTE formada por Renfe Mercancías-Logirail-Copasa , veñen de **rexistrar a convocatoria de folga indefinida que se desenvolverá a partir do vindeiro día 15 de abril.**

Os motivos da folga son de índole laboral e ambiental.

No laboral denuncian acoso laboral que rematou no despedimento de 8 traballadores en represalia polas súas reivindicacións.

Na xestión do transporte de SOGAMA téntanse establecer dúas clases de traballadores con diferentes condicións laborais, nas que se precariza a súa situación.

No ambiental os traballadores denuncian malas prácticas da empresa que producen danos medioambientais en forma de lixiviados que rematan contaminando os acuíferos.

O contrato de transporte dos residuos sólidos urbanos, de 140 millóns de euros, foi un dos contratos máis importante da Xunta de Galicia na pasada lexislatura, e consagra o modelo das subcontratacións que precariza as condicións dos traballadores do servizo.

CSV: REXISTROb-TB1wowK4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 11:39:20
Nº Rexistro: 49110
Data envio: 12/04/2019 11:39:20.132

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O servizo de transporte por estrada é prestado por Transportes Pocholo que, á súa vez, é unha subcontrata de COPASA, pero a responsabilidade final e principal da situación recae sobre a propia SOGAMA sociedade pública, cunha participación da Xunta de Galicia do 51% (49 % Naturgy).

É por iso que os traballadores teñen solicitado unha xuntanza con Javier Domínguez, o presidente da sociedade, que nin contestou dita solicitude.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

1) Que está a facer a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores?

2) Por que o presidente de SOGAMA, o señor Javier Domínguez, non recibe aos traballadores de Transportes Pocholo?

3) Está ao corrente das denuncias por acoso laboral e por deficientes condicións ambientais do servizo?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTROfbTB1wowK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 11:39:20
Nº Rexistro: 49110
Data envio: 12/04/2019 11:39:20.132

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/04/2019 11:37:49

Marcos Cal Ogando na data 12/04/2019 11:37:56

CSV: REXISTROfbTB1wowK4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/